

INFORME PARA A AVALIACIÓN INTERNA SEGUIMENTO DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

CONVOCATORIA: 2014-2015

PROVISIONAL

FINAL

DATA: 04-07-2016

DATOS DO TÍTULO	
DENOMINACIÓN DO TÍTULO	Grao en Belas Artes
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO	Facultade de Belas Artes
RESULTADO DO PROCESO DE SEGUIMENTO	<input type="checkbox"/> CONFORME EXCELENTE <input checked="" type="checkbox"/> CONFORME (B) <input type="checkbox"/> NON CONFORME

Xustificación do Resultado:

A metodoloxía utilizada para a avaliación deste título está baseada na “Guía para o seguimento dos títulos oficiais de grao e máster” da ACSUG de xullo de 2015.

Cumprimento do proxecto establecido:

En xeral este criterio cumprese na maior parte dos apartados, cas características seguintes:

1. A organización e desenvolvemento resulta conforme respecto a Memoria verificada. Recoméndase traballar de forma activa o apartado da coordinación.
2. Información e transparencia: A información relevante sobre o título é pública, facilmente accesible nunha web diáfana e intuitiva que se corresponde ca Memoria de Verificación
3. O Sistema de Garantía de Calidade: a súa aplicación no centro experimentou unha melloría respecto o curso pasado. Recoméndase seguir nesta liña e actualizar e revisar todos os procedementos, pois aínda queda tarefa pendente nesta cuestión.
4. Os Recursos humanos e materiais coinciden ca Memoria verificada. Recoméndase un maior análise no informe de Revisión pola Dirección dos recursos materiais e servizos.
5. Os resultados de aprendizaxe: Resultados por riba dos obxectivos fixados.
6. Os indicadores de rendemento superan os obxectivos fixados. Precísase un aumento da participación nas enquisas de satisfacción e unha análise máis rigorosa dos resultados
- 7.

Plan de melloras do título:

En xeral son adecuadas nos seus obxectivos e no seu ritmo de execución. Se corresponden con puntos febles, probablemente o máis destacado ten que ver ca implantación do SIGC. As veces, en relación co grao, menciónase a responsabilidade da Comisión Académica, que se entende que este organismo solo opera no mestrado, no grao deberá ser a xunta de titulación ou de facultade. Os prazos para a súa execución tamén resultan axeitados a acción proposta.

Modificacións do plan de estudo:

Non se constatan

Vigo, a 4 de xullo de 2016



Xosé María Gómez Clemente

Director da Área de Apoio á Docencia e Calidade

1. Valoración do cumprimento

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

Resumo das Valoracións:

Organización e Desenvolvemento	B
Información e Transparencia	A
Sistema de Garantía de Calidade	C
Recursos Humanos	B
Recursos Materiais e Servizos	B
Resultados de Aprendizaxe	B
Indicadores de Satisfacción e Rendemento	B

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se está a realizar conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permite una correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

Evidencias	Descrición
E4: Guías docentes das materias/asignaturas	Seleccionadas tres guías docentes de 3 materias elixidas aleatoriamente (Historia da Arte, Escultura e Traballo de Fin de Grao), compróbase que teñen os campos das competencias, resultados de aprendizaxe, contidos, planificación docente, metodoloxía docente e avaliación correctamente cumprimentados nas dúas linguas e presentan unha información coherente con respecto á memoria.
E30: Actas do último curso da Comisión Académica / Comisión de Titulación	Na acta da Xunta de Facultade do día 18-12-2014 apróbase o Plan de Coordinación Docente, seguindo as directrices dos resultados da acreditación. Na acta indícase que o documento se anexa, pero non figura no pdf.

1.1.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non se atopa o documento correspondente ao Plan de Coordinación docente	Na acta do 18-12-2014 confirmase a súa aprobación	Incluílo como anexo as actas
A información pública que figura baixo o epígrafe de informes de coordinación se contemplan os informes do PAT, que tampouco se corresponden co grao en Belas Artes, senón con outros títulos de mestrado do centro	A acción 13 está relacionada ca mellora da coordinación, entre outros aspectos.	Corrixir esta anomalía e facelo documento público na web. Realizar o documento relativo ao PAT deste título

1.1.2 Valoración do Criterio:

Organización e Desenvolvemento	B
---------------------------------------	----------

1.1.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	Plan de coordinación docente	Se ben figura nas actas a súa aprobación na xunta de facultade, non foi posible atopar a documentación
Fortaleza	Plan de melloras. Acción nº 28	Valórase positivamente a proposta de creación dunha asociación de egresados de exalumnos/as licenciados ou graduados en Belas Artes

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese), nas seguintes evidencias:

- E1- E6 Páxina web do título/centro/universidade
- E1 Memoria vixente da titulación
- E4: Guías docentes das materias/ asignaturas

Elemento	Valoración	Descrición
A información da organización académica da titulación é completa?	A	-A información pública resulta intuitiva e facilmente accesible, nela se atopan dun xeito diáfano os seguintes contidos: a guía docente e o plano de estudos que inclúen todos os aspectos básicos da estrutura do programa formativo da titulación (módulos e materias, contido en créditos ECTS, organización temporal, carácter das materias). -As competencias xerais e específicas que figuran nas materias son coincidentes cas descritas na memoria. Estando a denominación actualizada nas guías docentes. -Tamén resultan facilmente accesibles os horarios, as aulas e calendarios de exames. -O mesmo sucede cos aspectos significativos do TFG (normativa, comisións de avaliación, temáticas, convocatorias, etc.). Valorase positivamente a inclusión dunha galería de fotos referidas a exposicións.
A información do SGC é completa?	A	Na información pública do centro localízase dun xeito accesible e actualizada a seguinte documentación: o Manual SGIC, os procedementos, a política e o obxectivos de calidade
A información dos recursos humanos e materiais é completa?	B	Respecto aso recursos humanos a información resulta útil e intuitiva nos seguintes aspectos: PDI: localización, categoría, contacto, docencia, investigación, breve CV, e una foto ilustrativa e recursos materiais do título, sinalando os espazos onde teñen lugar as actividades docentes. Existe unha breve referencia aos servizos administrativos do centro, na información referida ao alumnado, sendo máis específicos nos datos da secretaría do alumnado.
A información dos resultados é completa	A	O documento denominado <u>Informe de Revisión pola Dirección</u> é público e accesible na web do centro. Trátase dun documento que se refire a todo o centro. O grao en belas Artes está analizado e tratado correctamente cando a situación o require.

1.2.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
A información sobre os servizos administrativos do centro é escasa	non	Crear un apartado específico na web referido aos servizos

1.2.2 Valoración do Criterio:

Información e Transparencia	A
------------------------------------	----------

1.2.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	Páxina Web, Memoria e guías docentes	A información do título e do SIGC é facilmente accesible e diáfana, tanto para as persoas usuarias como as externas. Valórase positivamente a inclusión dun apartado para estudantes estranxeiros que inclúe o plano de estudos do grao e as características xenéricas da facultade. Figura esta acción no Plan de Melloras cos números 3 e 41, ca intención de melloralas e completar a documentación.
Fortaleza	Páxina web	O calendario académico do título contén a información fundamental e está elaborado dun xeito moi práctico e intuitivo

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Evidencias:	Descrición
E05- E7-E8: Documentación do Sistema de Garantía de calidade	Varios procedementos non están actualizados. Solo están o DO0203, PAT, e o DO0301, Plan Operativo de Información Pública). Non e posible acceder ao adxunto de PA06.
E30: Actas do último curso da Comisión de Calidade	No informe de coordinación (R1DO0201) inclúense os resultados do PAT que se corresponden cos títulos do centro.

1.3.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
No informe de coordinación (R1DO0201) inclúense os resultados do PAT que se corresponden cos títulos do centro.	As accións 3 e 40 están relacionadas ca mellora da coordinación	Facer público o informe de coordinación específico que figura aprobado na xunta de centro. Distinguir entre o rexistro de coordinación e o do PAT
Varios procedementos non están actualizados. Solo están o DO0203, PAT, e o DO0301, Plan Operativo de Información Pública). Non e posible acceder ao adxunto de PA06.	As accións 11, 12, 13 e 14	Revisión e actualización dos procedementos
NO DO0203 correspondente ao PAT, inclúese un informe que debe corresponderse ao grao (fai referencia a catro cursos) de carácter moi xenérico.		Concretar algo máis os resultados do PAT

1.3.2 Valoración do Criterio:

Sistema de Garantía de Calidade C

1.3.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	Procesos SGIC	Se ben algúns procesos (PAT:DO0203, DO0301...) están actualizados, outros non o están.
Non Conforme	DO0201	Se identifica o informe de Coordinación co Informe do PAT e así figura tanto na Aplicación como na páxina web
Recomendacións para a mellora	DO0203	Falta concreción nos resultados do PAT

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Evidencias:	Descrición
E27: Mecanismos empregados para a análise dos resultados de aprendizaxe	Revisar na documentación a análise dos resultados da EAD (% participación, resultados, evolución)
Indicadores:	Descrición
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	No informe de Revisión pola dirección inclúense a participación das enquisas de satisfacción e se comparan co ano anterior. Analízase a participación, pero a análise dos resultados é moi reducido
I07: Resultados das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución,...)	No informe de Revisión pola dirección inclúense os resultados das EAD e a participación do estudantado. Analízase a participación, pero non os resultados

1.4.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
No informe de Revisión pola dirección inclúense os resultados das EAD e a participación do estudantado. Analízase a participación, pero non os resultados	Non	Reflexionar sobre os resultados das EAD
No informe de Revisión pola dirección inclúense a participación das enquisas de satisfacción e se comparan co ano anterior. Analízase a participación, pero a análise dos resultados é moi reducido	Nº 44 (engadido no informe de Revisión pola dirección)	Non solo analizar as referidas ao profesorado, ampliar ao estudantado

1.4.2 Valoración do Criterio:

Recursos Humanos B

1.4.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I07	Ausencia de análise dos resultados no EAD.
Fortaleza	I03	No informe de Revisión pola dirección inclúense a participación das enquisas de satisfacción e compáranse co ano anterior.
Recomendacións para a mellora	I03	A análise dos resultados das enquisas de satisfacción resulta un tanto superficial
Fortaleza	I03	Proposta de campaña para ampliar a participación nas enquisas de satisfacción

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Analizar e valorar si os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son axeitados ás necesidades do título.

Indicadores:	Descrición
I03 : Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Non se atopou ningunha análise en relación aos resultados deste item: Indicador 03

1.5.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Non se atopou ningunha análise en relación aos resultados deste item	Solo referida a necesidade de incrementar a participación	Reflexionar sobre os resultados obtidos neste item

1.5.2 Valoración do Criterio:

Recursos Materiais e Servizos **B**

1.5.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	Informe de Revisión pola Dirección (DE03P1)	Analizar os resultados das enquisas de satisfacción respecto este punto
Fortaleza	Memoria	Os recursos materiais son suficientes para desenvolver actividade docente e coinciden ca memoria de Verificación. Se ben respecto ao PAS se reclama maio apoio para as tarefas administrativas relacionadas ca calidade

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE: Analizar se os resultados de aprendizaxe acadados polos estudantes son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES.

Evidencias:	
E25-E17: Listaxe de Traballos Fin de Grado/Máster	As cualificacións do TFG resultan satisfactorias, todas elas superan o 6, elo indica un 100% de éxito e polo tanto de acadamento das competencias
E28- E18: Informes de cualificacións das materias/ asignaturas	Nesta evidencia debería aparecer o informe de cualificación de cada unha das materias. Este informe atópase dispoñible actualmente na aplicación Unidata. Accedese a “Acreditación Títulos” e logo a “Matrícula e rendemento” e finalmente escollese o informe “AC-E08- Cualificación de cada unha das materias

1.6.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Se ben se analizan as taxas de gradación, non se inclúe unha análise sobre o TFG	Non	Realizar unha análise de resultados do TFG e comprobar se inclúe na taxa de gradación

1.6.2 Valoración do Criterio:

Resultados de Aprendizaxe B

1.6.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Fortaleza	E-25	As cualificacións do TFG resultan satisfactorias, todas elas superan o 6, elo indica un 100% de éxito e polo tanto de acadamento das competencias
Recomendacións para a mellora	Informe de revisión pola dirección	Incluír unha análise dos resultados dos TFG e comprobar se inciden na taxa de gradación.
Fortaleza	E28-E18	Existe unha análise ben plantexada das Taxas de éxito, rendemento e avaliación por materia

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDIMENTO: Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

Evidencias:	
E15- E10: Enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese	Valorar a análise no Informe de Revisión pola Dirección ou calquera outro que houbera.
E12-E19: Informes públicos sobre os resultados da titulación	Valorar a análise no Informe de Revisión pola Dirección ou calquera outro que houbera.
Indicadores:	
I01: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Comprobar a evolución temporal do número de estudantes/as de novo ingreso na seguinte ligazón.: Indicador 01 .
I03: Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Analizar os datos na seguinte ligazón.: Indicador 03
I11: Indicadores de resultados de forma global para o título.	Analizar as taxas de gradación, abandono, eficiencia, rendemento, éxito e avaliación e resto de indicadores do SGC de xeito global na seguinte ligazón Indicador 11 .
I12 Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Analizar os datos (Ocupación, preferencia, adecuación e nota media de acceso) na seguinte ligazón: Indicador 12 .

1.7.1 Puntos Febles:

Puntos febles detectados neste criterio	Ten acción de mellora asociada?	Propostas da acción de mellora
Baixa participación alumnado e profesorado nas enquisas de satisfacción	Si, nº 10	A recollida no Plan de Mellora
Lixeiro descenso da taxa de gradación	Si, recollido no informe da Dirección. Nº 45	Análise a través de xuntanzas de coordinación
A taxa de gradación non alcanza os valores previstos na memoria	Si. A nº 45	Os contemplados no informe de Revisión pola Dirección

1.7.2 Valoración do Criterio:

Indicadores de Satisfacción e Rendemento B

1.7.3 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Recomendacións para a mellora	I03	Necesidade de incrementar a participación na enquisas de satisfacción

Fortaleza	I12	A demanda supera a oferta
Fortaleza	Ocupación, adecuación, preferencia e nota media de acceso	As cifras superan os obxectivos propostos
Fortaleza	I11	Taxa de Rendemento, éxito e eficiencia, s resultados superan os obxectivos
Fortaleza	Informe de Revisión pola Dirección (DE03P1)	Expóñense duns xeito ordenado todos os resultados a través das diversas taxas nos diversos títulos do centro. Cando estes no alcanzan os obxectivos, propónse unha análise para coñecer as razóns.

1.8 Alegacións da Valoración do Cumprimento:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

2. Plan de Melloras do Título

Resultado:

<input type="checkbox"/> Conforme excelente	<input checked="" type="checkbox"/> Conforme	<input type="checkbox"/> Non Conforme
<input type="checkbox"/> A	<input checked="" type="checkbox"/> B	<input type="checkbox"/> D
	<input type="checkbox"/> C	

2.1 Xustificación da Valoración

Valoraranse só as accións de mellora do cadro do último curso académico e das accións da titulación. De xeito xeral para realizar a valoración deste epígrafe, pódese facer reflexionando as seguintes cuestións. Si non hai incumprimentos ou existen incumprimentos de xeito puntual (<25% das accións) a valoración é Conforme. Si hai incumprimentos pero non son sistemáticos (<50% das accións) a valoración é Recomendación para a mellora. Si os incumprimentos son sistemáticos (>50% das accións) a valoración é Non conforme

Cuestións	Valoración	Descrición
Todos os puntos febles atopados levan asociados unha acción de mellora?	B	En xeral aos puntos febles se lles asigna unha acción de mellora.
As accións de mellora en xeral son coherentes para solucionar os puntos febles ?	B	En xeral os puntos febles pódense solucionar a partir das accións de mellora. As actuacións a desenvolver xorden das accións de mellora e os prazos e responsables son os axeitados para levar a cabo as accións de mellora. No apartado seguinte especificanse as excepcións

2.2 Xustificación do Resultado:

Clasificación	Evidencia ou Indicador	Xustificación
Tipo		En xeral aos puntos febles se lles asigna unha acción de mellora. Salvo en dúas ocasións: a necesidade de analizar con máis detalle os resultados das enquisas
Tipo	Accións 3,4, e 6	Se indica que o responsable é a Comisión Académica, pero trátase de accións específicas do Grao. Existe para o grao unha Comisión Académica
Tipo	Acción 4	É unha acción específica do grao, pero no desenvolvemento menciónase o TFM do mestrado de Arte Contemporánea
Tipo	Acción 8	É unha acción específica do grao, pero no desenvolvemento menciónase que non se logrou o obxectivo co alumnado de mestrado
Tipo	Accións 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14	Todas elas do centro e encaminadas a mellora do SIGC
Tipo	Acción 20	Non se indica o tempo previsto para a súa realización.

2.3 Alegacións do Plano de Melloras:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	

3. Modificacións do plan de estudos

3.1 Xustificación da Avaliación:

Incluiranse neste todas as modificacións **non substanciais**, que son aqueles cambios menores que melloran o título e que detectáronse no proceso de avaliación e non aparecen neste apartado
Indicar cales na seguinte ligazón: [Modificacións do plan de estudos](#) da páxina 2 deste modelo.

3.2 Alegacións das Modificacións do Plano de Estudos:

Alegacións do Centro e/ou Título ao Informe provisional e tratamento das mesmas polo equipo avaliador

Alegacións presentadas	Consideración do equipo avaliador
Non hai alegacións	